

Programa Universitario de Maiores – Campus Pontevedra

Guía Docente 2024-25

Información xeral:

Nome materia	Temas de economía.		
Código / Tipo	IV21486 / Materia optativa		
Titulación	Universitario/a Sénior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	1.5	Total horas presenciais	15
Lingua impartición	Castelán Galego		
Lugar impartición	Aula 2 – Escola de Enxeñaría Forestal*		
Curso / Semestre	Cuarto / 2º cuatrimestre	Horario	Mércores 10:00- 11:00h*
Coordinador/a	José María Chamorro Rivas		
Profesorado	José María Chamorro Rivas		
Correo-e	chamorro@uvigo.es		
Observacións	Esta materia ten un límite de matrícula de 50 prazas.		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

Temas de economía é unha materia de introdución á economía. É un curso pensado para os estudantes do Programa para Maiores e ten un claro carácter aplicado ás cuestións económicas actuais, tanto microeconómicas como macroeconómicas. O estudante enfrontarase a temas de sector público como as externalidades, bens públicos e impostos; Temas de finanzas como o funcionamento do sistema financeiro, aforro e investimento; e Temas sobre o diñeiro como o funcionamento do sistema monetario e a inflación. Durante o curso analizaremos e debateremos sobre: o cambio climático, a traxedia dos comúns, o imposto de sucesión, os bancos, o Banco Central Europeo, risco, bonos, accións, pensións, o euro, as moedas virtuais, os prezos, o IPC e o poder adquisitivo.

Contidos:

Tema 1	Sector público. 1.1 Externalidades: O cambio climático. 1.2 Bens públicos: A traxedia dos comúns. 1.3 Impostos: O imposto de sucesión.
Tema 2	Finanzas. 2.1 Sistema financeiro: Os bancos e o Banco Central Europeo. 2.2 Aforro e investimento: Risco, Bonos, Accións e pensións.
Tema 3	Diñeiro. 3.1 Sistema monetario: euro e moedas virtuais. 3.2 Inflación: Os prezos, o IPC e o poder adquisitivo.

Avaliación:

Modalidades avaliación	Descrición	Porcentaxe
Asistencia e participación	Asistencia as clases e participación nas mesmas. Poderán haber charlas abertas entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da	70%

	materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...	
Estudo de casos	Proba na que un alumno/a debe analizar un feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.	30%

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

O estudante pode solicitar unha tutoría personalizada co profesor a través do correo electrónico que será atendida de forma presencial no despacho do profesor ou telemática a través de Campus Remoto.

Bibliografía recomendada:

- N. Gregory Mankiw, Mark P. Taylor, Economía,
- Paul Krugman, Robin Wells, Fundamentos de Economía,